

# **SERVICIOS DE ORIENTACIÓN EXTERNA ÓS CENTROS EDUCATIVOS NON UNIVERSITARIOS NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS: UNHA ANÁLISE COMPARADA**

**Cambio Isaac Ocampo Gómez**

*(Inspector de Educación e Profesor asociado da Universidade de Vigo).*

**Alberto José Barreiro Arias**

*(Mestre especialista en Pedagogía Terapéutica. Licenciado en Psicoloxía e Psicopedagogía)*

## **RESUMEN**

A presente comunicación pretende ofrecer unha panorámica dos servicios de orientación externa ós centros educativos non universitarios no ámbito das diversas Comunidades Autónomas, así como o seu encaixe no actual proceso de reforma educativa. Con tal fin analízanse as similitudes e diferencias destes servicios nas diferentes Comunidades en torno ós seguintes elementos: Denominación, regulación, dependencia definición, ámbito de actuación, composición, modo de acceso a funcións.

Dende a creación dos Servicios de Orientación Escolar e Vocacional para atender ós alumnos de EXB (Orden Ministerial de 30 de Abril de 1977) e ata o momento actual, os cambios producidos foron importantes para estes servicios. Entre outros destaca a transformación producida como consecuencia das transferencias educativas ás distintas Comunidades Autónomas do Estado Español, pasando de ter unha estrutura central e provincial, a unha organización configurada polas respectivas Comunidades Autónomas.

Ademáis das diversas normas legais promulgadas polo MEC para os servicios de orientación nestes anos no ámbito da súa competencia, tamén aquelas Comunidades con competencias educativas plenas foron publicando diversas disposicións nas que se definen, organizan e especifican as funcións correspondentes ós equipos de apoio externo. A súa regulación é nalgúns casos anterior á LOXSE e noutros posterior, pero en todo caso en todas elas estanse a producir adaptacións que tentan enmarca-los equipos de orientación no contexto da reforma educativa actualmente en marcha.

**PALABRAS CLAVE** Orientación externa nas Comunidades Autónomas e no Ministerio de Educación e Cultura (MEC): similitudes e diferencias / intervención psicopedagóxica / zona ou sector / orientación académica, psicopedagóxica e profesional / reforma educativa.

# SERVICIOS DE ORIENTACIÓN EXTERNA ÓS CENTROS EDUCATIVOS NON UNIVERSITARIOS NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS: UNHA ANÁLISE COMPARADA.

## 1. INTRODUCCIÓN

Os órganos adicados á Orientación Educativa e Profesional teñen unha importancia fundamental nas sociedades máis evolucionadas e así aparece reflectido o dereito á Orientación no noso ordenamento xurídico a partir da lei 14/1970 (L.X.E.) e ratificado na Lei orgánica 1/1990 de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (L.O.X.S.E.), e nas disposicións que a desenvolven, aínda que cun sentido mais amplo e menos reducionista, despois dunha longa evolución de vinte anos. Este avance cualitativo que supón a orientación da L.O.X.S.E. con respecto á L.X.E. é defendida de forma xeneralizada por diversos especialistas no tema como Rodríguez Moreno (1988), Echeverría (1988), Rodríguez Espinar (1992), Sobrado (1993, 1996), Sanz (1995), Repetto (1995), Alvarez (1995), Sobrado e Ocampo (1997)... etc.

Ademáis das normas legais que o MEC foi publicando para os Servicios de Orientación nestes anos no ámbito da súa competencia, tamén as Comunidades Autónomas con competencias educativas plenas, publicaron as oportunas disposicións para definir, organizar e especifica-las funcións correspondentes ós equipos de apoio externo. En xeral constátase que se áchan distribuídos por sectores e comarcas, aínda que cada Administración Educativa conta con efectivos e modelo propio no que atinxe a estes servicios denominados tamén de diferente forma según sexa a comunidade de que se trate. A súa regulación é en varios casos anterior á L.O.X.S.E., pero noutros xa se foron producindo novas disposicións que tentan enmarca-los equipos de orientación no contexto da Reforma educativa actualmente en marcha.

## 2. A ORIENTACIÓN ESCOLAR E PROFESIONAL NA L.O.X.S.E.

Se ben é certo que a L.O.X.S.E. amósanos xa nos seus primeiros artigos unha concepción da atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional, sostendo que esta constitue un dos principios fundamentais que ha rexi-los procesos educativos que teñan lugar no sistema escolar, é nos seus artigos 55 e 60 onde se refíre de forma máis explícita a este aspecto.

Comeza por situala (art. 55) como **un factor de calidade e mellora da ensinanza** ó lado doutros factores como son a cualificación e formación do profesorado, a programación docente, os recursos educativos e a función directiva, a innovación e a investigación educativa, a inspección educativa e a avaliación do sistema educativo. Convén recordar a Wilson (1992: 11) cando define a calidade de educación como *“su capacidad de saber proporcionar (poner en práctica) a cada uno de los alumnos el currículo más adecuado. Idea fundamental es, por lo tanto, la de acomodar a las necesidades individuales lo que tiene que ser aprendido”*. Sobre esta idea da calidade de educación como a capacidade da escola para individualiza-la ensinanza, adaptando a axuda pedagóxica ás necesidades educativas de todos e cada un dos alumnos, incide a Reforma do sistema educativo.

Máis adiante esta Lei adícalle todo un artigo (o 60) á orientación dos alumnos. No mesmo establece que:

- \* A titoría e a orientación dos alumnos formará parte da función docente.
- \* A coordinación destas actividades correspóndelle ós centros educativos.
- \* Cada grupo de alumnos terá un profesor - titor.
- \* As administracións educativas garantirán a orientación académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos, en especial no que atinxe ás distintas opcións educativas e á transición da escola ó mundo laboral.

- \* É necesario prestarlle atención á superación de hábitos sociais discriminatorios condicionantes do acceso ós diferentes estudos e profesións.
- \* A coordinación das actividades de orientación será realizada por profesionais coa debida preparación.
- \* As Administracións educativas garantirán a relación das actividades de orientación coas que leven a cabo as Administracións locais.

Tamén na Disposición adicional terceira, punto 3 da Lei establécese que as Administracións educativas, co fin de asegura-la necesaria calidade da ensinanza, proveerán os recursos necesarios mediante a creación de servizos especializados de orientación educativa, psicopedagóxica e profesional que atendan ós centros que imparten ensinanzas de réximen xeral.

Non debemos esquecer que o currículo polo que o MEC optou é aberto e flexible, cunha estruturación en niveis de concreción sucesivos que deixan unha gran responsabilidade en mans dos profesores, que teñen que verse apoiados por medidas diversas. Tales medidas afectan a distintos ámbitos: formación do profesorado, materiais curriculares, organización dos centros, investigación educativa, avaliación do proceso educativo e **servizos de apoio á escola** (xogando os Servizos de Orientación Académica e Profesional un papel moi salientable).

Hai catro documentos que constituen unha extraordinaria axuda á hora de afondar no estudo para acadar unha correcta interpretación sobre a concepción da Orientación propugnada na L.O.X.S.E, reflectindo os principios, conceptos, esquemas de organización e funcións no ámbito da orientación. Son os seguintes: **Proyecto de Reforma para la Enseñanza** (MEC, 1987); **Libro Blanco para la Reforma Educativa** (MEC, 1989); **La Orientación Educativa y la Intervención Psicopedagógica** (MEC, 1990); **Orientación y Tutoría: Primaria y Secundaria** (MEC, 1992). É evidente que por razóns obvias de espazo e tempo non podemos extendernos aquí nas aportacións de cada un destes documentos, polo que unicamente tentaremos precisar uns poucos aspectos que, tratamos nalgún dos documentos anteriores, nos axuden a afondar no sentido da Orientación na actual reforma do sistema educativo español.

Considérase que a mellor **orientación educativa** é a educación integral e personalizada, tendo en conta a *maduración da personalidade* de cada alumno concreto e da concreción do seu vieiro na vida. Así mesmo se *identifica a función titorial coa función docente* como algo inseparable do proceso educativo na súa integridade. En canto á **Intervención Psicopedagóxica** defínese como un conxunto de *medios de apoio que ha recibi-lo profesorado* provenientes do asesoramento e a asistencia técnica especializada, concebida como compoñente esencial do sistema mesmo.

O marco xeral no que debe desenvolverse a orientación educativa e a intervención psicopedagóxica, debe atender a tres niveis:

- 1) Como actividade vinculada e indisociable da función titorial.
- 2) Como apoio técnico ó titor, concretado nos Departamentos de Orientación.
- 3) Como apoio técnico externo ós dous niveis anteriores, concretando nunha rede <sectorizada> de Equipos de Orientación e Apoio.

Así pois, esta concepción da orientación educativa e da intervención psicopedagóxica mistura os servizos de orientación internos e externos, obedecendo a un sistema que poderíamos denominar “en cascada”.

Entre as condicións nas que debe desenvolverse a intervención psicopedagóxica sinálanse as seguintes:

- A necesidade dun fondo coñecemento dos alumnos.
- A coordinación e integración das accións de orientación e intervención psicopedagóxica.
- Unha axeitada integración dos programas de orientación na programación xeral do centro, sendo asumidos pola totalidade da comunidade educativa.
- A consideración da Orientación como proceso, iniciada nos primeiros momentos da escolaridade, desplegada de xeito sistemático ó longo da mesma e proxectada máis alá do instante no que os alumnos abandonan a institución educativa.
- Unha axeitada colaboración de todos: profesores, titores, orientadores, equipos de sector, pais, institucións e recursos do entorno, para que a acción orientadora e de apoio acadade os seus fins.
- A consideración individual do alumno, e no seu contexto, como referente básico e único da orientación.
- A profesionalización e cualificación dalgúns dos profesores especificamente responsables das tarefas orientadoras e de apoio.

### **3. SITUACIÓN INSTITUCIONAL DOS SERVICIOS ORIENTADORES EXTERNOS NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

Por Orde Ministerial de 30 de Abril de 1977 creáronse os Servicios de Orientación Escolar e Vocacional para atender ós alumnos de E.X.B. Constituíu un feito de transcendencia (Repetto, 1994) para a institucionalización orientadora en España. Os vinte anos que nos separan daquela data supuxeron importantes trocos para estes servicios. Entre outros a transformación producida como consecuencia das transferencias educativas ás distintas Comunidades Autónomas do Estado Español.

Debemos lembrar que coa aprobación da Constitución Española de 1978 xurde un novo marco político-administrativo no que a política educativa pasa de ter unha lectura e unha análise “única” e “central” a ser “diversa” e “plural”. Tanto o artigo 2º da Constitución (configurador da estrutura do Estado) coma o Título VII, recoñecen ás Comunidades Autónomas o dereito a constituirse como tales e a dotarse das competencias e organización necesaria para poder diseñar e levar adiante unha orientación política propia. Na actualidade e fererido ó tema educativo encontrámonos con comunidades que teñen competencias plenas (exceptuando aquelas que son exclusivas do Estado, como son a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución) e que foron adquiridas por diferentes procedementos: Cataluña, País Vasco, Galicia, Andalucía, Comunidad Valenciana e Navarra. As restantes constitúen o denominado “Territorio MEC” e non teñen transferidas as competencias en educación, aínda que se prevé que dispoñan delas en datas inmediatas.

Imos pois a realizar en primeiro lugar unha breve descripción dos servicios orientadores externos existentes nas diversas Comunidades Autónomas actualmente, levando a cabo posteriormente unha comparación ou contrastación daqueles aspectos máis relevantes.

### 3.1. CATALUÑA

**Denominación:** *Equipos de Asesoramento e Orientación Psicopedagóxica (E.A.P.)*,

**Regulación:** Decreto de 28 de Xuño de 1994 - Departament Enseyament (D.O. da Generalitat de Catalunya, do 8/7/94).

**Dependencia:** Organicamente da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e administrativa e funcionalmente dos Servicios Territoriais do Departamento de Enseñanza.

**Definición:** Servicios educativos de composición multidisciplinar que nun ámbito territorial definido (neste caso comarcal, prioritariamente) prestan apoio psicopedagóxico ós centros docentes. A súa actuación require unha intervención directa nos centros e vai dirixida ós órganos directivos e de coordinación dos mesmos, ó profesorado, ó alumnado e ás familias, co fin de colaborar en ofrecer a resposta educativa máis axeitada, especialmente para ós alumnos con diminucións e para os que amosen máis dificultades no proceso de aprendizaxe.

**Ámbito de actuación:** Ensinanza non universitaria.

**Composición:** Funcionarios do Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria que reúnan os requisitos esixibles legalmente para cubriren prazas da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía. Tamén e en función das necesidades sociais que existan poderán incorporarse asistentes sociais.

**Acceso:** Concurso público de méritos entre o persoal pertencente ós corpos docentes correspondentes e o pertencente ó corpo de diplomados da Administración Generalitat, especialidade asistentes sociais, respectivamente.

**Funcións:**

- Identificación e valoración das necesidades educativas especiais dos alumnos, así como participación na elaboración e seguimento dos diversos tipos de adaptación que poidan necesitar en colaboración cos mestres e profesores, especialistas e servicios específicos.
- Asesoramento ós equipos docentes sobre os proxectos curriculares dos centros educativos no referente a aspectos psicopedagóxicos e de atención á diversidade de necesidades do alumnado.
- Asesoramento a alumnos, familias e equipos docentes sobre aspectos de orientación persoal, educativa e profesional.
- Colaboración cos servicios sociais e sanitarios do ámbito territorial de actuación.
- Aportación de apoio e de criterios técnicos psicopedagóxicos a outros órganos da Administración educativa.

**Outros servicios educativos colaboradores co E.A.P.:**

- + CREDA (Centros de Recursos Educativos para Deficientes Auditivos). Colaboran na identificación e avaliación dos alumnos con diminución auditivas e dos alumnos con trastornos da linguaxe.
- + Centros de recursos educativos para o tratamento doutros tipos de diminucións físicas, psíquicas ou sensoriais, sempre que as circunstancias o aconsellen. Colaboran na identificación e avaliación dos alumnos que amosan ditas diminucións.

### 3.2. PAÍS VASCO

**Denominación:** *Centros de Orientación Pedagógica (C.O.P.)*

**Regulación:** Decreto de 14-6-1988 (B.O. P.V. de 24 de Xuño), modificado polo Decreto 203/1992, de 21 de Xullo, no relativo ós postos de traballo dos centros de Orientación Pedagógica.

**Dependencia:** Orgánicamente da Delegación Territorial de Educación Correspondente e funcionalmente da Dirección de Renovación Pedagógica do Departamento de Educación, Universidades e Investigación, sen prexuício das funcións de supervisión que lle correspondan á Inspección Técnica de Educación.

**Definición:** Instrumentos educativos, de carácter zonal, para a innovación e mellora da educación, configurados como servizos de apoio ós niveis de ensinanza non universitaria.

**Ámbito de actuación:** Ensinanza non universitaria.

**Composición:** Por Orden de 27-6-1988 (B.O.P.V. de 8/7/1988) do Departamento de Educación créanse diferentes C.O.P. coas plantillas correspondentes. Cada equipo de zona está composto polos seguintes membros con carácter fixo: director, pedagogo, psicólogo, especialistas en euskera, especialista en M.A.V. e Informática.

**Acceso:** Concurso público de méritos entre os funcionarios de carreira dos Corpos docentes non universitarios, sendo os nomeamentos do persoal seleccionado por un ano, prorrogable a tres, salvo o personal procedente dos equipos multiprofesionais que terán carácter de definitivos.

**Funcións:**

- Servir de base de recollida do material didáctico que se elabore na zona.
- Realizar servizos de apoio ós centros docentes da zona no ámbito da orientación.
- Ofrecer ós centros docentes un servizo permanente de documentación, información e préstamo de recursos pedagóxicos e materiais didácticos.
- Promover intercambios de experiencias e materiais entre os centros docentes da zona.
- Ofrecer os centros docentes o apoio psicopedagóxico necesario para o diagnóstico e resolución de problemas de aprendizaxe ou que recaben un especial seguimento desde o punto de vista psicoeducativo.
- Colaborar no perfeccionamento do profesorado da zona.
- Axudar ó Departamento de Educación, Universidades e Investigación no estudo das necesidades pedagóxicas dunha zona e as súas posibles solucións.

**Estructura - Areas de actuación:**

- Educación Especial / - Euskaldunización
- MAV, Informática e Novas Tecnoloxías / - Orientación educativa

### 3.3. ANDALUCÍA

**Denominación:** *Equipos de Orientación Educativa (E.O.E.)*. Tamén se poderán crear *Equipos especializados* con demarcación xeográfica provincial, cando as necesidades específicas o demanden, para á atención educativa ós alumnos e alumnas con minusvalías ou disfuncións específicas, desenvolvendo as súas funcións en coordinación cos Equipos de Orientación Educativa.

**Regulación:** Decreto de 12 de setembro de 1995 (B.O.J.A. de 29/11/1995) (derogando o Decreto de 23 de Novembro de 1983, polo que se creaban os E.P.O.E. - Equipos de Promoción e Orientación Educativa).

**Dependencia:** Orgánicamente das delegacións provinciais correspondentes da Consellería de Educación e Ciencia e Funcionalmente da Inspección educativa.

**Definición:** Unidades básicas de orientación psicopedagóxica que, mediante o desempeño de funcións especializadas nas áreas de orientación educativa, atención ós alumnos e alumnas con n.e.e., compensación educativa e apoio á función titorial do profesorado, actúan no conxunto dos centros dunha zona educativa. Estes equipos de orientación educativa adoptarán como criterios para a planificación e o desenvolvemento das súas actuacións a *intervención por programas*.

**Ámbito de actuación:** Ensinanza non universitaria.

**Composición:** Psicólogos, pedagogos, médicos e mestre, e, por traballadores sociais, cando as necesidades do alumnado da zona educativa así o aconsellen.

**Acceso:** Non se especifica no Decreto. Tan só se dí que cada E.O.E. terá un coordinador a que será nomeado polo Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ciencia, de entre os seus membros por un período de tres anos, mediante o procedemento que a tales efectos se estableza. O persoal con destino definitivo nos E.P.O.E., Equipos de Atención Temperá e Apoio á Integración e Servicios de Apoio Escolar existentes, intégranse nos E.O.E., nos que continuarán prestando os seus servizos.

#### **Funcións:**

##### a) *Xerais:*

- Asesorar ós centros na elaboración, aplicación e avaliación do Proxecto de Centro e do Proxecto Curricular, no relativo á orientación educativa e á atención á diversidade .
- Asesorar ó profesorado no deseño de procedementos e instrumentos de avaliación.
- Colaborar cos centros de profesores e as aulas de extensión na formación, apoio e asesoramento ó profesorado da zona no ámbito da orientación educativa.
- Atender ás demandas de avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas que a requiran, proponendo en cada caso a modalidade de escolarización máis axeitada.
- Asesorar ó profesorado no tratamento educativo da diversidade de aptitudes, intereses e motivacións dos alumnos e alumnas, colaborando na aplicación das medidas educativas oportunas.
- Participar no deseño e desenvolvemento de programas de reforzo, adaptación e diversificación curricular dos centros da zona.
- Asesorar ás familias do alumnado, participando no deseño e desenvolvemento de programas formativos.
- Elaborar, adaptar e divulgar materiais e instrumentos de orientación educativa e intervención psicopedagóxica, útiles ó profesorado.

b) *Específicas:*

1- *Ámbito de orientación e Acción Titorial*

- Area de apoio á función titorial do profesorado
- Area de orientación vocacional e profesional

2- *Ambito de atención á diversidade*

- Area de atención ás n.e.e.
- Area da compensación educativa

### 3.4. COMUNIDADE VALENCINA

**Denominación:** Servicios Especializados de Orientación Educativa, Psicopedagógica e Profesional (S.E.O.E.P.P.): *Servicios Psicopedagógicos Escolares de Sector (SPES)*. Contémplase a posibilidade de crear outros *servicios especializados* sectorizados para atender ó alumno que requira unha cualificación específica. Tamén poderán funcionar *gabinetes psicopedagógicos* en centros públicos, concertados ou dependentes da administración local, sempre que contén coa autorización da Administración.

**Regulación:** Decreto de 5 de Xullo de 1994 (Diario oficial da Comunidade Valenciana de 28/7/1994). Deroga o Decreto 18 de Abril de 1989 e a Orden de 14 de Febreiro de 1990.

**Dependencia:** Orgánicamente da Dirección Territorial de Educación correspondente, mentres que a súa supervisión e control corresponde á Inspección educativa.

**Definición:** Equipos integrados por distintos profesionais, constituídos para favorece-lo exercicio de funcións especializadas de orientación, avaliación e intervención educativa e, en xeral, de apoio ó sistema escolar nos distintos niveis educativos e a súa vinculación ó mundo do traballo.

**Ámbito de actuación:** Centros docentes sostidos con fondos públicos de E. Especial, Infantil, Primaria e Secundaria.

**Composición:** Funcionarios do corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria da especialidade de Psicología e Pedagogía / Funcionarios do corpo de Mestres da especialidade de Educación Especial (Audición e Linguaxe) / Traballadores Sociais / Outros profesionais, no seu caso.

**Acceso:** Por *Concurso de méritos* para aqueles postos de traballo que sexan cubertos por funcionarios do corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria ou do corpo de Mestres. Mediante o *sistema de provisión legalmente establecido* según a natureza do posto para os traballadores sociais e resto de profesionais.

**Funcións:**

- Apoiar a asesorar ós centros educativos
- Elaborar e difundir materiais e instrumentos de orientación educativa e de intervención sociopsicopedagógica e logopédica.
- Coordina-las actividades de orientación educativa e sociofamiliar dos centros da zona.
- Asesora-lo profesorado no tratamento da diversidade do alumnado, así como no deseño de procedementos e instrumentos de avaliación.
- Detección de condicións persoais e sociais que faciliten ou dificulten o proceso de ensinanza - aprendizaxe do alumnado e a súa adaptación ó ámbito escolar.



- Realización da avaliación e valoración sociopsicopedagóxicas e logopédicas do alumnado, determinada pola escolarización máis axeitada e, si procede, elabora-la proposta de medida de atención á diversidade que corresponda.
- Colaborar na orientación académica, psicopedagóxica e profesional do alumnado facilitándolle a toma de decisións.
- Asesora-las familias, participando en programas formativos de pais e nais de alumnos. Estas funcións realizaranse atendendo ós principios de carácter preventivo, flexible, non discriminatorio e diferenciado según a diversidade social e lingüística e según as aptitudes, intereses e motivacións do alumnado.

### 3.5. CANARIAS

**Denominación:** *Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxicos (E.O.E.P. s)*. Tamén se contempla a existencia de *Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxicos Específicos* para atender ás necesidades educativas especiais seguintes: Discapacidades visuais, Discapacidades auditivas, Trastornos xeneralizados do desenvolvemento, así como plurideficiencias.

**Regulación:** Decreto 23/1995, de 24 de Febreiro (BOC de 20 de Marzo, corrección de erros BOC de 3 de Maio).

Resolución de 11 de Setembro de 1996 (B.O.C. de 18 de Setembro), pola que se dictan Instrucións de funcionamento dos equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxicos de zona e específicos para o curso 1996/97.

**Dependencia:** Orgánicamente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consejería de Educación, Cultura e Deportes e funcionalmente da Inspección educativa.

**Definición:** Elementos do sistema educativo que buscan o desenvolvemento integral do alumnado mediante o establecemento dun proceso de ensinanza - aprendizaxe acorde coa diversidade do alumnado.

**Ámbito de actuación:** Escolas de E. Infantil, Colexios de E. Primaria e Institutos de E. Secundaria.

**Composición:** Orientadores (Psicólogo/Pedagogo), especialista en audición e linguaxe, traballador social.

**Acceso:** Non se especifica no Decreto.

**Funcións:** As funcións xerais dos E.O.E.P.s. especificanse para cada un dos seus compoñentes. En liñas xerais pódense englobar nas seguintes:

- Participación dos orientadores na Comisión de Coordinación Pedagóxica e Orientación educativa, Comisións de Apoio Pedagóxico e nos D. Orientación.
- Prevención, detección, valoración e seguimento das n.e.e. do alumnado, colaborando cos titores, equipos directivos e familias na procura de estratexias organizativas e metodolóxicas, que permitan adecua-la resposta educativa á diversidade do alumnado.
- Asesorar ós distintos membros da Comunidade educativa sobre temas relacionados coa especialidade dos membros dos E.O.E.P.s.

- Participar na elaboración de programas para dar resposta ás necesidades do alumnado: orientación escolar e profesional, prevención e estimulación da linguaxe, necesidades sociais.

A intervención dos EOEPs debe amosa-las seguintes características: preventiva, global e integral, contextualizada, cooperativa, continuada e coordinada.

### 3.6. NAVARRA

**Denominación:** *Unidade Técnica de Orientación Escolar e de Educación Especial*. Para unha mellor efectividade do traballo destas unidades técnicas os seus recursos persoais e materiais poderán organizarse en *Equipos de Orientación Psicopedagóxica de Zona (E.O.P.)*.

**Regulación:** Decreto Foral do 31 de Agosto de 1990 (B.O.N. do 19-9-1990), modificado polo Decreto Foral de 6 de Setembro de 1993 (B.O.N. do 17 de Setembro de 1993) no referente ós artigos 2º, 4º, 5º e 7º.

**Dependencia:** Departamento de Educación, Cultura e Deporte da Comunidade Foral. Organizadamente da Dirección Xeral de Educación e funcionalmente da Sección de Promoción Educativa.

**Definición:** Servicio de apoio á comunidade educativa co obxectivo de contribuir, en colaboración cos centros escolares, ó desenvolvemento axeitado dos procesos educativos.

**Ámbito de actuación:** Centros públicos e privados concertados de niveis non universitarios.

**Composición:** Básicamente licenciados en Psicoloxía e/ou Pedagogía ou titulación equivalente. Poderán adscribirse asistentes sociais, personal administrativo de servizos e profesionais doutras disciplinas, según a especialidade dos seus cometidos.

**Acceso:** Probas selectivas para o posto de traballo de Orientador. Dos restantes compoñentes non se especifica nada. Os xefes das Unidades Técnicas e os coordinadores dos Equipos de Zona son designados pola Administración.

**Función e tarefas:** Podemos resumilas en:

- Coordinar ó profesorado asegurando o seguimento dos alumnos ó longo do seu proceso educativo.
- Coordina-las suas actuacións cos profesionais e servizos da zona nos aspectos técnicos, criterios de intervención e emprego dos recursos.
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo de Centro, na súa revisión e avaliación interna.
- Atender ós alumnos con n.e.e. mediante a detección, análise, valoración e estudo da súa problemática, así como a proposta de modalidades de escolarización e organización dos recursos correspondentes.
- Propoñe-la creación de aulas de integración parcial e a designación de centros de atención preferente das diferentes minusvalías.
- Colaborar co profesorado e cos centros de apoio ó profesorado no análise de necesidades e no diseño de programas de formación e intervención psicopedagóxica: orientación académica, profesional,... etc.
- Asesorar ó profesorado en aspectos técnicos psicopedagóxicos do currículo.
- Informar, asesorar e informar ás familias de nenos con n.e.e., promovendo a colaboración familia-escola.

A relación dos Equipos de Orientación Psicopedagóxica cos centros escolares establécese a través do seu respectivo Departamento de Orientación Psicopedagóxica.

### 3.7. GALICIA

**Denominación:** *Equipos Psicopedagóxicos de Apoio (E.P.S.A.s.)*

**Regulación:** Orde do 8 de Agosto de 1985 (D.O.G. 3 Setembro de 1985), modificada pola Orde do 25 de Novembro de 1996 (D.O.G. 26 Decembro de 1996) quedando derogados os puntos 5º, 6º, 7º e 8º da orde anterior e sendo obxecto de nova redacción o punto 2º i, o punto 4º e a disposición derradeira primeira.

Tamén por Resolución do 26 de Novembro de 1996 (D.O.G. 27 de Decembro de 1996) determinanse as funcións e regúlase o plano de actividades e o réxime de funcionamento dos E.P.S.A.s.

**Dependencia:** Orgánicamente da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional e funcionalmente da Inspección educativa.

**Definición:** Elementos de apoio ós centros educativos no ámbito do diagnóstico, orientación e integración dos escolares.

**Ámbito de actuación:** Centros públicos de educación infantil, primaria e secundaria e, se é o caso, os centros de educación especial. A orientación comprenderá a atención académica, psicopedagóxica e profesional do alumnado.

**Composición:** Psicólogo, pedagogo, especialista en audición e linguaxe, asistente social.

**Acceso:** Concurso público de méritos.

**Funcións:**

- Prevención e detección precoz de dificultades no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe do alumnado.
- Acción tutorial e tarefas de orientación persoal, escolar e profesional.
- Elaboración, adaptación e divulgación de materiais de tipo psicopedagóxico de utilidade para os centros de educación infantil e primaria, para os Departamentos de Orientación de educación secundaria e, se fora o caso, para os centros de educación especial.
- Avaliación psicopedagóxica dos alumnos que o necesiten, co fin de propoñer a modalidade de escolarización máis convinte para eles.
- Procesos de elaboración, implantación e seguimento das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular, e calquera outro programa no ámbito da atención á diversidade e da orientación educativa.

### 3.8. MEC (MADRID, CASTILLA-LEÓN, ASTURIAS, CANTABRIA, ARAGÓN, LA RIOJA, CASTILLA LA MANCHA, COMUNIDADE BALEAR, EXTREMADURA E MURCIA).

**Denominación:** *Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica*. En coordinación con estes equipos poderán existir *Equipos especializados* para a orientación e atención educativa temperá e para a orientación e atención educativa a alumnos/as con disfunción específicas.

**Regulación:** Orde do 9 de Decembro de 1992 (BOE, 18 de Decembro de 1992).

**Dependencia:** Orgánicamente da Dirección Xeral de Renovación Pedagóxica, a través da Unidade de Programas Educativos das respectivas Direccións Provinciais, e funcionalmente da Inspección educativa.

**Definición:** Equipos sectoriais de carácter interdisciplinar que prestan un servizo de asesoramento e apoio ó sistema escolar nos seus diferentes niveis.

**Ámbito de actuación:** Non universitario. Preferentemente en centros escolares de educación infantil e primaria.

**Composición:** Psicólogos, Pedagogos, Traballadores Sociais e, cando sexa necesario, por mestres especialistas en Audición e Linguaxe. En calquera caso, co fin de asegura-la avaliación psicopedagóxica dos alumnos, en cada equipo haberá, polo menos, un titulado en Psicoloxía e outro en Pedagogía.

**Acceso:** Non se especifica na Orde. Nos derradeiros anos os postos de psicólogo e pedagogo cúbreanse por persoal pertencente o corpo de profesores de Educación Secundaria da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía.

#### **Funcións:**

- Colaborar na prevención e na pronta detección de dificultades ou problemas de desenvolvemento persoal e de aprendizaxe que poidan amosa-los alumnos, realiza-la avaliación psicopedagóxica, no seu caso, e en función dos resultados propoñe-la modalidade de escolarización máis conveniente adoptando as medidas de atención á diversidade que correspondan.
- Asesorar ó profesorado no deseño de procedementos e instrumentos de avaliación e no tratamento flexible e diferenciado da diversidade de aptitudes, intereses e motivacións dos alumnos, colaborando na adopción das medidas educativas oportunas.
- Colaborar nos procesos de elaboración, avaliación, avaliación e revisión dos proxectos curriculares de etapa a través da súa participación na Comisión de Coordinación Pedagóxica dos centros educativos de E. Primaria, contribuíndo a súa coordinación cos de Educación Secundaria dun mesmo sector.
- Colaborar cos titores no establecemento dos plans de acción tutorial así como doutros elementos de apoio para a realización de actividades docentes de reforzo, recuperación e adaptación curricular.
- Colaborar cos titores, profesores de apoio e profesores orientadores na orientación educativa e profesional dos alumnos, así como no seguimento daqueles con necesidades educativas especiais (n.e.e.).
- Promove-la cooperación entre escola e familia, colaborando no desenvolvemento de programas formativos.
- Elaborar, adaptar e difundir materiais e instrumentos de orientación educativa e intervención psicopedagóxica útiles o profesorado, así como impulsa-la colaboración e intercambio de experiencias entre os centros do sector.
- Colaborar coa Inspección Técnica de Educación, cos Centros de Profesores e con outras institucións formativas no apoio e asesoramento do profesorado.
- Facilita-lo paso dos alumnos á E. Infantil, así como o paso posterior á E. Primaria e á Educación Secundaria.

Unha análise comparativa dos servizos de Orientación externa das Comunidades Autónomas, permítenos constatar unha serie de aspectos de gran interese entre os que cabe destaca-los seguintes:

1. Lévana a cabo con denominación distinta según a Comunidade Autónoma de que se trate (Equipos de Asesoramento e Orientación Psicopedagóxica - Cataluña / Centros de Orientación Pedagóxica - País Vasco / Equipos de Orientación Educativa - Andalucía / Servicios Psicopedagóxicos Escolares de Sector - Comunidade Valenciana / Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxicos - Canarias / Unidade Técnica de Orientación escolar e de Educación Especial - Navarra / Equipos Psicopedagóxicos de Apoio - Galicia / Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica - MEC).

Na maioría das Comunidades Autónomas (excepto o País Vasco, Navarra e Galicia) aparece de forma explícita a posibilidade da existencia de equipos de apoio externo especializados - Centros de recursos específicos para a orientación e atención educativa temperá e/ou para a orientación e atención educativa ós alumnos e alumnas con minusvalías ou disfuncións específicas, estando coordinados en todo caso cos servicios de apoio externo citados con anterioridade.

2. A definición dos equipos orientadores externos é moi similar, aínda que con pequenos matices, nas diversas Comunidades Autónomas. Así concíbense como: Servicios educativos (Cataluña), Instrumentos educativos (País Vasco), Unidades básicas de orientación psicopedagóxica (Andalucía), Equipos integrados (Comunidade Valenciana), Elementos do sistema educativo (Canarias), Servicios de apoio á comunidade educativa (Navarra), Elementos de apoio ós centros educativos (Galicia), Equipos sectoriais (MEC).

Todos eles amosan tres características fundamentais como son o seu carácter multidisciplinar, un ámbito territorial definido (sector, zona ou comarca) e a súa consideración como servicios de asesoramento e apoio psicopedagóxico ós centros docentes de ensinanza non Universitaria.

3. Os seus ámbitos de actuación son en xeral os Centros públicos e privados concertados de niveis non universitarios tanto de Educación Infantil e Primaria, como de Secundaria onde colaborarán cos Departamentos de Orientación. Hai que facer constar que na Comunidade Valenciana, en Galicia e en Navarra (ó falar de forma xenérica de centros públicos e privados concertados) tamén se establece de forma específica a actuación dos Equipos nos Centros de Educación Especial, o cal non quere decir que nas outras Comunidades Autónomas non se faga, aínda que non se recolla expresamente a nivel lexislativo. Tamén, no ámbito de xestión do MEC os Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica actuarán preferentemente nos centros escolares de Educación Infantil e Primaria.
4. No referente á composición existen abundantes similitudes, con algúns matices diferenciais. Así, na maioría das Comunidades Autónomas os Equipos están constituídos por Psicólogos, Pedagogos deberán ser funcionarios do corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria da especialidade de Psicoloxía, no resto de Comunidades Autónomas fálase de Licenciados en Psicoloxía e Pedagogía, no resto de Comunidades Autónomas fálase de Licenciados en Psicoloxía e Pedagogía sen máis, non especificando como nos casos anteriores que teñan que pertencer necesariamente a un corpo docente determinado. En relación ós especialistas en Audición e linguaxe contéplase a súa presenza na maioría dos equipos, ben directamente ou cando sexa necesario. Hai que destacar que en Cataluña os especialistas en Audición e Linguaxe non están integrados nos mesmos E.A.P., senón noutros servicios educativos colaboradores como son os CREDA (Centros de recursos educativos para deficientes auditivos). A súa función é identificar e avaliar ós alumnos con diminucións auditivas e aqueles con trastornos da linguaxe. No País Vasco non se cita expresamente ós especialistas en Audición e Linguaxe, aínda

que se deixa unha porta aberta á súa existencia cando se fala de establecer outras áreas de actuación cando as necesidades de apoio ó sistema educativo o aconsellen.

En Andalucía contéplase a existencia de médicos dentro do Equipo cando as necesidades do alumnado da zona educativa así o aconselle, mentras que noutras Comunidades Autónomas como a Valenciana, a Navarra ou a Vasca, posibilitase a súa inclusión baixo a denominación xenérica de “Outros profesionais”, ou “Outras áreas de actuación”, se é o caso. Nas restantes Comunidades Autónomas non se fai mención expresa a esta posibilidade.

5. Se ben nalgún momento o concurso público de méricos foi a modalidade de acceso máis xeneralizada e aínda nalgúns casos este é o sistema de selección que se emprega, nos derradeiros anos, seguindo o procedemento establecido polo Ministerio de Educación e Cultura parece estar a asentarse a tendencia de que este tipo de postos se cubran de xeito similar que os de Xefe de Departamento de Orientación en centros de Educación Secundaria (oposicións/ concurso de traslados). Na Comunidade Valenciana establécese que serán cubertos por concurso público de méritos aqueles postos de traballo para funcionarios do corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria ou do corpo de Mestres, mentres que para os traballadores sociais e resto de profesionais o sistema de provisión será o legalmente establecido según a natureza do posto. En Navarra fálese dunha proba selectiva para o ingreso no posto de traballo de orientador, mentras que para o resto do personal non se concreta. No País Vasco destácase que o nomeamento do personal seleccionado é por un ano en réxime de comisión de servicios, prorrogable a tres, salvo o personal procedente dos equipos multiprofesionais que terá carácter de definitivo. No MEC os postos de psicólogo pedagogo cúbreanse poir persoal pertencente ó corpo de profesores de Educación Secundaria da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía.

En tódolos Equipos de zona existirá un coordinador ou director dos mesmos que é designado pola Administración educativa de entre aqueles membros que cumpran os requisitos establecidos, tendo en conta normalmente a súa opinión. Nalgunhas Comunidades Autónomas temporalízase o seu mandato. Así, en Andalucía fálese de que o nomeamento será por un período de 3 anos, ó igual que na Comunidade Valenciana e no ámbito de xestión do MEC; en Cataluña por 4 anos - prorrogables e en Canarias por tres cursos académicos.

6. As funcións que desenvolven os diversos Equipos das Comunidades Autónomas aínda que con pequenos matices diferenciais, aseméllanse bastante. En todos eles téñense en conta os principios básicos da orientación que a rixen como proceso: prevención, desenvolvemento e intervención social. Destacan sobre todo as funcións de prevención, detección, valoración e seguimento das necesidades educativas especiais do alumnado, proponendo aquelas modalidades de escolarización máis axeitadas e adoptando as medidas de atención á diversidade que correspondan. Tamén é resaltable o apoio e asesoramento ós diversos sectores da comunidade educativa (profesores, pais, alumnos...) sobre aspectos diversos da orientación persoal, educativa e profesional, participando na elaboración e difusión de programas, materiais e instrumentos psicopedagóxicos. En todo caso, a colaboración entre os diversos sectores educativos considérase básico no análise de necesidades do alumnado e no diseño de programas de formación e intervención psicopedagóxica.
7. Os derradeiros Decretos e Ordes reguladoras da Orientación (e consecuentemente, entre outros, dos servicios orientadores externos) da maioría das Comunidades Autónomas supoñen un esforzo de redefinición e adaptación ó novo marco educativo que conleva a entrada en vigor da L.O.X.S.E. Así pois temos que destacar: Decreto de 28

de Xuño de 1994 - Cataluña; Decreto 203/1992, de 21 de Xullo, de modificación dos Decretos 154/1988, de 14 de Xuño e 202/1989, de 19 de Setembro, polos que se regula respectivamente a creación e funcionamento dos centros de orientación pedagóxica e dos centros de Educación e Investigación Didáctica - ambiental - País Vasco; Decreto de 12 de Setembro de 1995, de 24 de Febreiro - Canarias; Decreto Foral de 6 de Setembro de 1993, que modifica o Decreto Foral de 31 de Agosto de 1990 - Navarra; Orde de 25 de Novembro de 1996 - Galicia; Orde de 9 de Decembro de 1992 - MEC.

8. A práctica totalidade dos servizos orientadores externos dependen orgánicamente de diferentes Direccións Xerais, con distintas denominacións según a Comunidade de que se trate, a través das respectivas Delegacións ou Direccións Provinciais, mentras que funcionalmete é polo xeral a Inspección educativa a encargada de supervisa-los.

#### 4. A MODO DE RECAPITULACIÓN E SÍNTESE

Debemos destacar, pois, que no momento actual en tódalas Comunidades Autónomas conflue un *modelo mixto* de orientación que actúa de forma complementaria e con intento de ser coordinada, cuns servizos de orientación nos Centros docentes de Educación Secundaria mediante un modelo interno (Departamento de Orientación) e nos de Educación Infantil e Primaria a través dun externo (Equipos de Orientación), que sirven de apoio técnico ó titor. Non obstante, as Administracións educativas dalgunhas comunidades con competencias educativas plenas, están a reformular, aínda que sexa parcialmente, este modelo de orientación, dándolle cada vez máis peso ós servizos internos.

#### 5. BIBLIOGRAFÍA

- ALVAREZ GONZÁLEZ, M. (1995): *Orientación Profesional*. Barcelona, CEDECS.
- B.O. de Canarias 20/3/1995: Decreto de 24/2/1995, polo que se regula a orientación educativa na Comunidade Autónoma de Canarias (Corrección de erros B.O.C. de 3 de Maio).
- B.O. de Canarias 18/9/96: Resolución de 11 de Setembro de 1996, pola que se dictan instrucións de funcionamento dos equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxicos de zona e específicos para o curso 1996/97 na Comunidade Autónoma de Canarias.
- B.O.E. 6/8/70: Lei 14/1970 Xeral de Educación e Financiamento da Reforma da Educación Madrid.
- B.O.E. 4/10/1990: Lei orgánica 1/1990, de 3 de Outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. Madrid.
- B.O.E. 18/12/92: Orde de 9 de Decembro de 1992, pola que se regulan a estrutura e funcións dos Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica.
- B.O. da Junta de Andalucía 29/11/1995: Decreto de 12 de Setembro de 1995, polo que se regulan os Equipos de orientación educativa.
- B.O. de Navarra 19/9/1990: Decreto Foral 222/1990, de 31 de Agosto, polo que se establecen os órganos de actuación en materia de orientación psicopedagóxica e educación especial, e regúlase o acceso ós postos de traballo en tal área.
- B.O. de Navarra 17/9/1993: Decreto Foral 260 7 1993, de 6 de Setembro, polo que se modifica o DecretoForal 222/1990, de 31 de Agosto, polo que se establecen os órganos de actuación en materia de orientación psicopedagóxica e educación especial e regúlase o acceso os postos de traballo.

- B.O. do País Vasco 24/6/1988: Decreto de 14/6/1988, polo que se regula a creación e funcionamento dos Centros de Orientación Pedagóxica.
- B.O. do País Vasco 31/7/1992: Decreto de 21 de Xullo, de modificación dos Decretos polos que se regula a creación e o funcionamento dos Centros de Orientación Pedagóxica e dos Centros de Educación e Investigación Didáctico-Ambiental.
- D.O. da Comunidade Valenciana 28/7/1994: Decreto de 5 de Xullo de 1994, polo que se regulan os servizos especializados de orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.
- D.O. de Galicia 3/9/1985: Orde do 8 de Agosto de 1985, pola que se regulan os Equipos psicopedagóxicos de Apoio na Comunidade Autónoma de Galicia.
- D.O. de Galicia 26/12/1996: Orde do 25 de Novembro de 1996 pola que se modifica a do 8 de Agosto de 1985, pola que se regulan os equipos psicopedagóxicos de apoio na Comunidade Autónoma de Galicia.
- D.O. de Galicia. 27/12/1996: Resolución do 26 de Novembro de 1990, da Dirección Xeral de Ordenación educativa e de Formación Profesional, pola que se determinan as funcións e se regulan o plano de actividades e o réxime de funcionamento dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- D.O. da Generalitat de Catalunya 8/7/94: Decreto de 28 de Xuño de 1994, polo que se regulan os servizos educativos do Departamento de ensinanza.
- Echeverría, B. (1988): "Modelos de institucionalización de la Orientación educativa y sus implicaciones en la calidad de la educación". En S.E.P.: *La calidad de los centros educativos*. Alicante.
- M.E.C. (1987): *Proyecto para la reforma de la enseñanza*. Madrid: centro de Publicaciones.
- M.E.C. (1989): *Libro Blanco para la reforma del Sistema Educativo*. Madrid.
- M.E.C. (1990): *Orientación educativa e intervención psicopedagóxica*. Madrid: Dirección general de Renovación Pedagóxica.
- M.E.C. (1992): *Orientación y tutoría. Primaria*. Madrid: MEC (caja roja).
- REPETTO, E. y otros (1994): *Orientación educativa e intervención psicopedagóxica*. Madrid, UNED.
- REPETTO, E. (1995): "La orientación profesional y el desarrollo de la carrera en la enseñanza". En Sanz Oro, R. y otros (Ed.) *Tutoría y Orientación*. Barcelona. CEDECS, pp. 25-44.
- RODRÍGUEZ ESPINAR, S. (1992): "Orientación y Reforma: el reto de la intervención por programas "CURRICULUM, 5, 27-47.
- RODRÍGUEZ MORENO, M.L. (1988): *Orientación educativa*. Barcelona, CEAC.
- SANZ ORO, R. y Otros (Edit)(1995): *Tutoría y Orientación*. Barcelona, CEDECS.
- SOBRADO, L. (1993): *Intervención psicopedagóxica y Orientación educativa* (3ª edición). Barcelona, P.P.U.
- SOBRADO, L. (1996): *Servizos de orientación ós centros educativos*. Santiago de Compostelak, Laiovento.
- SOBRADO, L. Y OCAMPO, C. (1997): *Evaluación psicopedagóxica y orientación educativa*, Barcelona, Estel.
- WILSON, J.D. (1992): *Cómo valorar la calidad de la enseñanza*. Barcelona, Paidós.